

Contratista: *Proyectos y Contratas Covelo, S.L.*

Importe de adjudicación: importe neto: 79.353,45 euros. IVE (%): 16. Importe total: 92.050 euros.

h) Descripción: integración das augas residuais en Trasestrada. Riós (Ourense).

Número de expediente: OH.332.714.

CPV (referencia de nomenclatura): 45232410-9 e 45232421-9.

Medio e data de publicación de licitación: no perfil do contratante o 10 de febreiro de 2010.

Orzamento base de licitación: importe neto: 194.871,44 euros. IVE (%): 16. Importe total: 226.050,87 euros.

Data de adjudicación definitiva: 17 de marzo de 2010.

Contratista: *Construcciones y Promociones Cruzval, S.L.*

Importe de adjudicación: importe neto: 194.474,88 euros. IVE (%): 16. Importe total: 225.590,86 euros.

i) Descripción: mellora do abastecemento e saneamento nas Neves. As Neves (Pontevedra).

Número de expediente: OH.536.851.

CPV (referencia de nomenclatura): 45232150-8 e 45232410-9.

Medio e data de publicación de licitación: no perfil do contratante o 27 de xaneiro de 2010.

Orzamento base de licitación: importe neto: 171.554,52 euros. IVE (%): 16. Importe total: 199.003,24 euros.

Data de adjudicación definitiva: 24 de marzo de 2010.

Contratista: *Construcciones Vale, S.L.*

Importe de adjudicación: importe neto: 171.422,41 euros. IVE (%): 16. Importe total: 198.850 euros.

j) Descripción: renovación de saneamento na rúa e praza do Mercado e rúas de acceso en Larouco. Larouco (Ourense).

Número de expediente: OH.332.715.

CPV (referencia de nomenclatura): 45232440-8 e 45232130-2.

Medio e data de publicación de licitación: no perfil do contratante o 17 de marzo de 2009.

Orzamento base de licitación: importe neto: 94.827,59 euros. IVE (%): 16. Importe total: 110.000 euros.

Data de adjudicación definitiva: 29 de setembro de 2009.

Contratista: *Petrolam A Veiga, S.L.*

Importe de adjudicación: importe neto: 85.913,79 euros. IVE (%): 16. Importe total: 99.660 euros.

3) Outras informacións.

Estas adjudicacións definitivas, en cumprimento dos artigos 137 e 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e conforme o disposto no prego de cláusulas administrativas particulares, foron debidamente notificadas aos licitadores e publicadas no perfil do contratante.

O que se fai público para os efectos previstos no artigo 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2010.

Ethel María Vázquez Mourelle
Presidenta da Empresa Pública de Obras
e Servizos Hidráulicos

PORTOS DE GALICIA

Resolución do 16 de abril de 2010 pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto e sistema multicriterio, tramitación ordinaria, para a adjudicación dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada de execución das obras que se citan. (Expediente CO-12-06-10-01 e PO-13-22-10-01).

1. Entidade adjudicadora.

a) Organismo: ente público Portos de Galicia.

b) Dependencia que impulsa os expedientes: Área de Infraestruturas.

c) Dependencia que tramita os expedientes: División de Contratación.

2. Obxecto dos contratos.

a) Descripción do obxecto: remodelación das instalacións portuarias en Barallobre e Maniños.

-Clave do expediente: CO-12-06-10-01.

-Lugar de execución: Barallobre e Maniños (A Coruña).

-Orzamento base de licitación: un millón novecientos cincuenta mil douscentos corenta e sete euros con vinte e catro céntimos (1.950.247,24 euros), IVE excluído.

-Importe do IVE (16%): 312.039,56 euros.

-Prazo de execución: oito (8) meses.

-Clasificación: F-7-e.

-División por lotes: non hai.

b) Descripción do obxecto: instalación de novos módulos de pantalán aboiante para amarre da frota pesqueira do porto de Meira.

-Clave do expediente: PO-13-22-10-01.

-Lugar de execución: Moaña (Pontevedra).

-Orzamento base de licitación: douscentos corenta mil cincocentos quince euros con noventa e nove céntimos (240.515,99 euros), IVE excluído.

-Importe do IVE (16%): 38.482,56 euros.

-Prazo de execución: tres (3) meses.

-Clasificación: non se exige

-Solvencia: acreditarase conforme o exigido nas cláusulas 3.3.1 e 3.3.2 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares.

-División por lotes: non hai.

3. Tramitación e procedemento de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto con varios criterios de valoración (multicriterio).

4. Garantías:

a) Provisionais: non se exixen.

b) Definitivas: 5% do orzamento de adxudicación, IVE excluído.

5. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: ente público Portos de Galicia.

-Enderezo: praza de Europa, nº 10-A, 4º.

-Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15707.

- Teléfono: 981 54 53 05.

b) Perfil de contratante na web: os pregos e os cadros de características de cada contrato poderanse obter nos seguintes enderezos da internet:

<http://www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=13845>

<http://www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=13846>

c) A documentación técnica (proxectos), o prego tipo de cláusulas administrativas particulares e os cadros de características dos contratos tamén se poderán obter en:

-*Copy Nino*; rúa Feáns, 19, Santiago de Compostela. Teléfono: 981 58 89 38.

-*Copy Estudio*; rúa Nova de Abaixo, 19-20 (galerías), Santiago de Compostela. Teléfono: 981 59 33 85.

-<http://www.portosdegalicia.es>

A data límite de obtención de documentación e información coincide coa data límite de presentación de ofertas, establecida no punto 7.a) do presente anuncio.

6. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación, se é o caso: a exigida no punto 2 anterior.

b) Solvencia económica e técnica, se é o caso: a exigida no punto 2 anterior.

c) Outros requisitos: ademais da clasificación e de acordo co exigido na cláusula 3.3.3 do PCAP, os licitadores deben de comprometer na súa proposta un equipo mínimo de traballo coas características especificadas no número 8º da cláusula 3.5.1-I.A) do PCAP.

7. Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación de proposicións rematará ás catorce (14.00) horas do vixésimo sexto (26º) día natural seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de que ese día coincida en sábado ou festivo o prazo de admisión das proposicións rematará ás catorce (14.00) horas do primeiro día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: segundo o indicado na cláusula 3.5 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar da presentación.

As proposicións presentaranse, en tres (3) sobres pechados, no rexistro xeral do ente público Portos de Galicia, sito na praza de Europa, 5-A, 6º, de Santiago de Compostela, 15707 (teléfono: 902 40 08 70; fax: 981 54 53 24), segundo se especifica no punto 3.4 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares, ou envialas por correo certificado dentro do prazo de admisión sinalado, conforme o disposto no artigo 80.4º do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

e) Prazo durante o que o licitador se obriga a manter a súa oferta: dous (2) meses dende a apertura das proposicións, en virtude do disposto nos números 2 e 4 do artigo 145 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

f) Criterios de adxudicación: a oferta economicamente máis vantaxosa determinarase en virtude da aplicación dos criterios establecidos na cláusula 3.6.2 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares.

g) Admisión de variantes: aplícanse o disposto no prego tipo de cláusulas administrativas particulares e no punto 7 dos correspondentes cadros de características de cada contrato, para cada un dos procedementos descritos no punto 2 anterior.

8. Apertura de ofertas.

a) Entidade: sala de xuntas do ente público Portos de Galicia.

b) Enderezo: praza de Europa, nº 10-A, 4º. (Área Central).

c) Localidade: 15707, Santiago de Compostela.

d) Data de apertura: a apertura pública das ofertas (sobre B) levarase a cabo o décimo sétimo (17º) día natural seguinte ao do remate do prazo de presentación de ofertas. No caso de que ese día coincida en

sábado ou festivo, a apertura realizarase o primeiro día hábil seguinte.

No acto público de apertura do sobre B, a mesa fixará e dará publicidade á data, lugar e hora en que se procederá á apertura do sobre C.

e) Hora: 9.00 horas.

Se por algún motivo houbese que modificar a data de celebración do acto público de apertura das proposicións, reflectirase a nova data no perfil de contratante: (<http://www.contratosdeg Galicia.es>)

9. Outras informacións: a mesa de contratación, en cumprimento do disposto na cláusula 3.6.1 b) do prego tipo de cláusulas administrativas particulares, comprobará en acto previo a documentación do sobre A e publicará no perfil de contratante e no taboleiro de anuncios dos servizos centrais de Portos de Galicia o resultado da apertura, para que se emenden, se fora o caso e dentro do prazo que se indique, os defectos materiais observados na dita documentación.

10. Gastos dos anuncios: os gastos que deriven da publicación deste anuncio serán por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2010.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo
Presidente de Portos de Galicia

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

Anuncio do 22 de marzo de 2010, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se empraza a interesada que se sinala para ser notificada por comparecencia no expediente 15R002/123/09.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, emprázase a interesada que se sinala no anexo para ser notificada por comparecencia.

O acto foi adoptado pola instrutora do expediente, do Servizo Provincial do Instituto Galego de Consumo.

A comparecencia deberá efectuarse, no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, ante o Servizo Provincial do Instituto Galego de Consumo, con enderezo na praza Luis Seoane s/n (edificio administrativo Monelos, 2º

andar, ala Norte) da Coruña, en horario das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

A Coruña, 22 de marzo de 2010.

Tristana Moraleja Gómez
Delegada provincial da Coruña

ANEXO

Expediente: 15R002/123/09.

Interesada: *Vodafone, S.A.*

NIF: A-80907397.

Acto notificado: proposta resolución.

Anuncio do 22 de marzo de 2010, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se empraza a interesada que se sinala para ser notificada por comparecencia no expediente 15R002/179/08.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, emprázase a interesada que se sinala no anexo para ser notificada por comparecencia.

O acto foi adoptado pola presidenta do Instituto Galego de Consumo.

A comparecencia deberá efectuarse, no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, perante o Servizo Provincial do Instituto Galego de Consumo, con enderezo na praza Luis Seoane s/n (edificio administrativo Monelos, 2º andar, ala Norte) da Coruña, en horario das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

A Coruña, 22 de marzo de 2010.

Tristana Moraleja Gómez
Delegada provincial da Coruña

ANEXO

Expediente: 15R002/179/08

Interesada: *Autocentrum Lugo, S.L.U.*

NIF: B-27353267.

Acto notificado: resolución.